

Consellos para interventores e apoderados

As persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento tamén imos votar nas eleccións.

Facilítámosche algúns consellos para apoiarnos:

Todas as persoas con discapacidade intelectual teñen dereito a votar

A Lei Electoral mudou e agora todas as persoas con discapacidade intelectual maiores de idade temos dereito a votar.

Ti podes facer moito

O teu traballo no Local electoral é importante: debes verificar que as eleccións decorren de maneira axeitada e consonte a lei. Tamén es responsábel de que se cumpra o noso dereito a votar.

Non permitas a discriminación

Unha persoa con discapacidade intelectual que consta na lista do censo electoral ten dereito a votar. Non importa a aparencia desa persoa.

Apoia as persoas con discapacidade intelectual

As persoas con discapacidade intelectual tamén podemos ser chamadas para ser apoderadas ou interventoras.

Apóíanos para que poidamos realizar este traballo.

Ten en conta as nosas persoas de apoio

Algunhas persoas con discapacidade precisamos de persoas de apoio.

Ás veces, hai quen pensa que son persoas que nos enganan para votarmos o seu partido. Se vires que alguén vén connosco e nos axuda, pensa que son persoas importantes para nós.

Trátanos con respecto

Queremos ser tratados con respecto e de maneira natural.

O noso voto é secreto

Precisamos apoio para votar, pero o noso voto é secreto como o do resto da xente.

Lembra: votar é o noso dereito

Así o di a Lei Electoral e a Convención de Nacións Unidas sobre dereitos de persoas con discapacidade.

Amais, España firmou esta convención.